

Reverso Servizos Lingüísticos, S.L.

Exp.	Título	2009-47,68%	2010-52,32%	Subvención
2009/62	<i>Diccionario Contextual Bilingüe Inglés-Galego</i>	1.397,12 €	1.533,08 €	2.930,20 €
Total editorial		1.397,12 €	1.533,08 €	2.930,20 €

Toxosoutos, S.L.

Exp.	Título	2009-47,68%	2010-52,32%	Subvención
2009/35	<i>A Terceira Idade do Ferro</i>	253,66 €	278,34 €	532,00 €
Total editorial		253,66 €	278,34 €	532,00 €

Trymar Soc. Coop. Galega

Exp.	Título	2009-47,68%	2010-52,32%	Subvención
2009/41	<i>Enciclopedia Historia Culinaria Galega</i>	126,16 €	138,44 €	264,60 €
2009/42	<i>Clásicos xuvenís</i>	128,31 €	140,79 €	269,10 €
Total editorial		254,47 €	279,23 €	533,70 €

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 2 de novembro de 2009 pola que modifica a Orde do 3 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases que rexen as axudas destinadas a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas de apoio a familias monoparentais e se procede á súa convocatoria.

Por Orde do 3 de febreiro de 2009 (DOG nº 40, do 26 de febreiro), da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, regúlanse as axudas destinadas a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas de apoio a familias monoparentais e se procede á súa convocatoria.

No seu artigo 4 precísase a aplicación orzamentaria e o importe económico previsto para o financiamento das devanditas axudas, e no seu parágrafo 1º sinálase que o importe inicial se entenderá máximo sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria.

Co obxecto de poder amparar todas as solicitudes, e posto que a dotación inicial resulta insuficiente, cómpre mediante esta orde, ampliar a dotación orzamentaria consignada inicialmente para a concesión das mencionadas subvencións.

Por todo o exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Amplíase o importe total correspondente ao exercicio 2009 destinado ao financiamento das axu-

das destinadas a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas de apoio a familias monoparentais, na contía de 191.857,20 euros con cargo á aplicación orzamentaria 48.02.312A.481.0.

2. As entidades disporán para presentar as solicitudes do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

3. As entidades que xa presentasen unha solicitude con base na Orde do 3 de febreiro de 2009, só terán que presentar o seu anexo I.

4. As bases que rexen estas axudas son as establecidas na orde do 3 de febreiro de 2009 (DOG nº 40, do 26 de febreiro).

Disposición derradeira

Única.-Esta disposición entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar